



## RESOLUCION REITORAL DE ADAPTACIÓN DOS PLANOS DE ESTUDOS DO CSHG A DIPLOMA SUPERIOR

Os planos de estudo correspondentes aos estudos do Centro Superior de Hostalería de Galicia vinculado á USC: Diploma de Xestión de Empresas Hostaleiras e o Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras foron aprobados pola Xunta de Goberno da USC mediante acordos do 22 de decembro de 1998 e 29 de outubro de 1999 como títulos propios de primeiro e segundo ciclo respectivamente.

Logo dos anos nos que se viñeron impartindo estas dúas titulacións propias e tras a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior para estudos oficiais é necesario, renovar e adaptar a oferta formativa seguindo os criterios e estruturas que ofrece o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) para a formación superior deste xeito preténdese adaptar as titulacións existentes ás necesidades do sector e continuar a potenciar a empregabilidade dos egresados unha das fortalezas das titulacións propias do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG).

A partir desta premisa o Centro Superior de Hostalería de Galicia elabora unha proposta de readaptación ao novo modelo de estudos na que conflúen as dúas titulacións propias con un programa de estudos de carácter máis polivalente ao equilibrar unha formación xeneralista e especializada con outra operativa e de xestión que facilite a adaptabilidade dos estudantes para responder aos perfís profesionais actuais e futuros. Este novo programa de estudos foi aprobado polo Consello de Goberno da USC con data do 27 de febreiro de 2012 co nome de Diploma Superior en Xestión Hoteleira.

A Implantación do Diploma Superior en Xestión Hoteleira no curso 2012/2013 obriga a comezar o proceso de extinción dos títulos anteriores polo que é necesario organizar a incorporación ao novo título dos estudantes que o desexen así como a extinción de aqueles aos que substitúe segundo o calendario aprobado na memoria do título de Diploma Superior en Xestión Hoteleira considerando as diversas situacións que poden concorrer na incorporación ao novo título en función das materias e cursos que teñan superado os estudantes dos títulos que se extinguen.

Polo que ao abeiro da normativa que é de aplicación, do que se indica na memoria dítase esta resolución que regulará os criterios para a adaptación e recoñecemento entre os títulos de Diploma de Xestión de Empresas Hostaleiras e o Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras ao Diploma Superior en Xestión Hoteleira

**Primeiro.-** Os estudantes dos actuais títulos propios de Diploma de Xestión de Empresas Hostaleiras e Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras, de primeiro e segundo ciclo respectivamente, poderán solicitar a adaptación ou recoñecemento de créditos e competencias por materias segundo a táboa de equivalencia que figura no ANEXO a esta resolución.

## **Segundo.- Cualificacións das materias**

As materias superadas polos estudantes dos actuais Diploma e Gran Diploma que teñan equivalencia na titulación de Diploma Superior serán adaptadas ou recoñecidas coa cualificación da materia na titulación de orixe.

No caso dos estudantes que teñan superadas as materias do Diploma de Xestión de Empresas Hostaleiras: Prácticas de Servizo (1º curso) e Teoría-Prácticas de cociña (2º curso) que se adaptan pola materia de primeiro curso da titulación de Diploma Superior en Xestión Hoteleira Prácticas operativas dpto. A&B a cualificación que se impute no expediente do alumnado será a mais alta da obtida na titulación de orixe.

No caso de que o alumnado só teña unha das materias citadas superadas a cualificación que se imputará no expediente do alumnado na materia equivalente da titulación de destino será a da materia superada.

## **Terceiro.- Calendario de implantación do Diploma Superior e extinción dos títulos que substitúe**

O Diploma Superior implantase consonte ao seguinte calendario

Ano académico 2012/2013 implántase o primeiro curso

Ano académico 2013/2014 implántase o segundo curso

Ano académico 2014/2015 implántase o terceiro e cuarto curso.

Simultaneamente a esta implantación procedese a extinción dos títulos de Diploma e Gran Diploma consonte ao seguinte calendario e convocatorias:

Ano académico 2012/2013 queda sen docencia o primeiro curso da titulación de Diploma en xestión de empresas hostaleiras e polo tanto non hai acceso de alumnos ao primeiro curso.

Ano académico 2013/2014 queda sen docencia o segundo curso da titulación de Diploma en xestión de empresas hostaleiras.

Ano académico 2014/2015 queda sen docencia o terceiro curso da titulación de Diploma en xestión de empresas hostaleiras e o cuarto curso do Gran Diploma de Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras manténdose a docencia no quinto curso do Gran Diploma, sendo este o último curso no que se imparte docencia nesta titulación.

## **Cuarto.- Criterios de incorporación do alumnado á nova titulación de Diploma Superior**

Alumnado de 2º de Diploma: O Alumnado que no curso 2012/2013 non teña superado o segundo curso completo do Diploma poderá optar por adaptarse á nova titulación de Diploma Superior cursando o segundo curso desta titulación ou continuar na titulación de Diploma no terceiro curso coas materias, que de ser o caso, teña pendentes para o que terán tres convocatorias adicionais mais unha extraordinaria

No caso de adaptarse á titulación de Diploma Superior deberá cursar a materia de Hixiene Nutrición e Dietética (se non a superou no Diploma). En todo caso deberá cursar o Practicum (stage) correspondente ao 2º curso do Diploma.

Alumnado de 3º de Diploma: O Alumnado que no curso 2013/2014 teña superado o terceiro curso completo do Diploma poderá optar por adaptarse á nova titulación de Diploma Superior e cursar o cuarto curso desta titulación. Estes alumnos deberán cursar a materia de Estatística Aplicada ao Turismo do Diploma Superior por ser unha materia obrigatoria do segundo curso que non cursaron os estudantes do Diploma. En todo caso, os estudantes de 3º de Diploma (suspender ou aprobar 3º D) deberán realizar o Stage de 3º de D.

No caso de que supendan o 3º de Diploma en xestión de empresas hostaleiras na 1º convocatoria poderá presentarse na 2ª, 3ª e/ou a convocatoria extraordinaria con todas as asignaturas pendentes tanto do 3º curso como de 2º curso, de ser o caso, da titulación de Diploma. Estes estudantes terán ata o curso 2014/2015 para superar todas as materias pendentes de 2º e 3º de diploma. No caso de que consiga superar todas as materias pendentes nas correspondentes convocatorias, poderá solicitar a adaptación para cursar 4º curso de Diploma Superior no ano académico 2015/2016

Alumnado de 4º de Gran Diploma: Os estudantes que no curso 2013/2014 non supere o curso de 4º de Gran diploma poderá adaptarse á titulación de Diploma Superior segundo as equivalencias que se establecen no ANEXO.

Os estudantes que se adapten ao Diploma Superior non poderán matricular a materia optativa de *Métodos de Investigación en Turismo* sen non teñen superada ou adaptada a materia de segundo curso *Estatística Aplicada ao Turismo*.

Non se poderá adaptar a materia de Proxecto Fin de titulación do Diploma Superior polo que todos os estudantes deberán cursala segundo os requisitos que se establezan na memoria do título.

Alumnado de 5º de Gran Diploma: Os estudantes que no curso 2014/2015 non superen todas as asignaturas do 5º de Gran Diploma na primeira convocatoria poderán presentarse de todas as suspensas á 2ª, 3ª e/ou convocatoria extraordinaria (prazo máximo dun ano). No caso de non superar todas as materias pendentes na convocatoria extraordinaria poderán adaptarse ao Diploma Superior segundo a táboa que figura no ANEXO.

#### **Quinto.- Criterios para a incorporación do alumnado que solicita o reingreso ao Diploma Superior**

Os estudantes que se tivesen matriculado dúas veces no mesmo curso de Diploma y non superasen o curso ou que abandonasen a titulación en calquera dos cursos poderán solicitar a adaptación ao Diploma Superior. Neste caso os estudantes afectados deberán solicitar previamente a admisión na titulación cuxa solicitude será valorada conxuntamente coa dos candidatos novos.

#### **Sexto.- Estudantes coas titulacións de Diploma e Gran Diploma.**

O alumnado que posúa o título de Diploma en Xestión de Empresas Hostaleiras que desexe obter o Título de "Diploma Superior deberán solicitar a admisión no novo título na cota de prazas que se establecerá aos efectos para estes alumnos. As materias cursadas no Diploma seranlle adaptadas consonte ao ANEXO deberán cursar as materias segundo se indica no punto cuarto desta resolución para os alumnos que teñan 3º de Diploma Superado.


O alumnado que posúa o título de Diploma e Gran diploma poderá matricularse no Grao e solicitar a adaptación das materias cursadas. A estes efectos realizarase unha adaptación ás materias do Diploma Superior con carácter previo ao recoñecemento das materias do Grao.

#### **Sétimo.- Prezos Públicos**

As materias adaptadas/recoñecidas na titulación de Diploma Superior non devengarán prezos públicos. Non obstante as certificacións, expedicións de títulos ou calquera outro trámite administrativo devengará os prezos ou tarifas que aos efectos estean en vigor.

Santiago de Compostela, 31 de Xullo de 2013

O Reitor,



Juan J. Casares Long

Sr. Vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador; Sra. Secretaria Xeral; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sr. Director do Centro Superior de Hostelería de Galicia; Sr. Coordinador Académico do CSHG; Sra. Delegada da USC no CSHG; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sra. Directora da OIU; Sra. Xefa da Oficina de Análise e Reclamacións

**ANEXO**

**Táboa de equivalencias das titulacións de Diploma e Gran Diploma a nova titulación de  
DIPLOMA SUPERIOR**

Diploma de Xestión de Empresas Hostaleiras			Diploma Superior en Xestión Hoteleira			
Curso	Asignaturas	Hor. Presenciais	Curso	Carácter	Asignaturas	Créditos ECTS
1º	Prácticas de Servizo	560	1º	OB	Prácticas operativas dpto. A&B	20
1º	Organiz. e Planific. Dpto. Servizo	48	1º	OB	Organización Operativa dpto. A&B	4,5
1º	Enoloxía y Bebidas Alcohólicas	64	1º	OB	Fundamentos e Recursos en Enoloxía	4,5
1º	Matemática Aplicadas	64	1º	FB	Matemáticas Aplicadas á Xestión	6,0
1º	Psicoloxía e Comunicación	48	1º	FB	Psicoloxía, Comunic. e Habil. Interpers.	6,0
1º	Economía I	48	2º	FB	Economía Turística	6,0
1º	Contabilidade I	48	2º	FB	Contabilidade Empresarial	9,0
1º	Francés ou Alemán I	64	1º	FB	Francés'ou Alemán I	4,5
1º	Inglés I	80	1º	FB	Inglés Empresarial I	6,0
1º	Informática Aplicada I	64	1º	FB	TIC aplicada á Xestión Empres. I	4,0
2º	Teoría-Prácticas Cocifa	560	1º	OB	Prácticas operativas dpto. A&B	20
2º	Hixiene, Nutrición e Dietética	48	1º	OB	Hixiene, Nutrición e Dietética	4,5
2º	Control e Xestión de A&B	72	3º	OB	Dirección e Xestión de A&B	6,0
2º	Estrut.-Anál. Mercado Turístico	48	2º	FB	Introdución Marketing Turístico	6,0
2º	Lexislación I	32	2º	FB	Lexislación e Fiscalidade Empresarial	6,0
2º	Economía II	32	2º	FB	Economía Turística	6,0
2º	Contabilidade II	48	2º	FB	Contabilidade Empresarial	9,0

2º	Francés ou Alemán II	64	2º	FB	Francés ou Alemán II	6,0
2º	Inglés II	80	2º	FB	Inglés Empresarial II	6,0
2º	Informática Aplicada II	64	2º	FB	TIC aplicada a la Xestión Empres. II	6,0
3º	Operacións de Recepción	86	2º	OB	Operacións de Recepción	6,0
3º	Rexeduría de Pisos	84	2º	OB	Rexeduría de Pisos	4,5
3º	Xestión Hostaleira	70	3º	OB	Dirección e Xestión de Aloxamento	6,0
3º	Técnicas de Instalacións	47	3º	OB	Xestión de Instalac.,Deseño e Innovac.	4,5
3º	Inglés III	84	3º	OB	Inglés Empresarial III	6,0
3º	Francés ou Alemán III	70	3º	OB	Francés ou Alemán III	6,0
3º	Lexislación II	28	2º	FB	Lexislación e Fiscalidade Empresarial	6,0
3º	Xestión de Recursos Humanos	63	3º	OB	Xestión de Recursos Humanos	6,0
3º	Xestión e Organizac. Empresas	71	3º	OB	Xestión-Organiz. Empresas Hoteleiras	4,5
3º	Contabilidade III	42	3º	OB	Contabilidade Aplic. Xestión Hoteleira	4,5
3º	Marketing	70	3º	OB	Marketing e Comunicación Hoteleira	6,0
3º	Informática Aplicada III	62	2º	FB	TIC aplicada a la Xestión Empres. II	6,0
3º	Proxecto Viabilidade Empresarial	98			-----	
	-----		2º	OB	Estatística Aplicada al Turismo	4,5
1º	Stages en Empresas		1º	OB	Practicum en Empresas I, II, III	51
2º	Horas: 1.280		2º		Horas: 1.275	
3º			3º			

(FB: formación básica, OB: obrigatoria; OP: optativa)

Grado Superior en Gestión y Dirección de Empresas Hoteleiras			Diploma Superior en Turismo Hoteleiro			
Curso	Asignaturas	Hor. Presenciales	Curso	Carácter	Asignaturas	Créditos ECTS
4º	Francés ou Alemán Superior I	95	4º	OB	Francés ou Alemán IV	4,5
4º	Inglés Superior I	95	4º	OB	Inglés Empresarial IV	4,5
4º	Dirección de Marketing I	135	4º	OB	Dirección de Marketing Hoteleiro	9,0
4º	Dirección de Recursos Humanos I	90	4º	OB	Direcc. R. Humanos-Habilid. Directivas	6,0
4º	Análise de Balances	75	4º	OB	Direcc. Económica Empres. Hoteleiras	4,5
4º	Xestión Fiscal	45	4º	OP	Fiscalidade de Empresas Hoteleiras	3,0
4º	Economía Aplicada	60	2º	OB	Estatística Aplicada al Turismo	4,5
5º	Francés ou Alemán Superior II	75	4º	OB	Francés ou Alemán IV	4,5
5º	Inglés Superior II	75	4º	OB	Inglés Empresarial IV	4,5
5º	Dirección de Marketing II	90	4º	OB	Dirección de Marketing Hoteleiro	9,0
5º	Dirección de Recursos Humanos II	75	4º	OB	Direcc. R. Humanos-Habilid. Directivas	6,0
5º	Análise de Custos	90	4º	OB	Análise de Custos	4,5
5º	Control Interno	120	4º	OB	Control Interno	4,5
5º	Xestión de Calidade	60	4º	OP	Xestión Calidade e Medio ambiente	3,0
5º	Proxecto Fin de Prácticas	80			-----	
	-----		4º	OB	Proxecto Fin de Titulación	9,0
4º	Stages en Empresas		4º	OB	Practicum en Empresas IV	31
5º	Horas: 1.600				Horas: 775	

(FB: formación básica, OB: obrigatoria; OP: optativa)